



**Vicente Risco describe-
nola como vestida de
moitas cores, cun cinto
de chocas e unha pelica
e unha sorte de montei-
ra. Completariase o
cadro cunha vara ou
fusta na man.**



CARMEN VIDAL LÓPEZ

Técnico de cultura do Concello de Allariz.



A charrúa e o entroido alaricano

Carmen Vidal López

Debuxos: **Luis Cid**

O franquismo, que durante tantos anos detivo as augas do devir histórico do noso pobo, obrigou ó Entroido a refuxiarse nos círculos recreativos e nos salóns de baile. Neste medio a Charrúa, como máscara farrapenta e de rúa, tiña os anos contados.

A década dos oitenta programou, organizou, regulamentou e institucionalizou algo que en si mesmo significaba desorde, inversión, espontaneidade e contrapoder. A Charrúa seguiu e segue a telo cru ó igual que outros colegas seus: nada máis grotesco e fóra de contexto que un grupo de cigarróns ou pantallas nun desfile urbano de comparsas de Carnaval.

Pero ¿que é a Charrúa? Agardemos un chisquiño. O Entroido ou Carnaval, tal como hoxe os coñece-

mos, nas súas versións rural e urbana, non nos levarían máis aló dos dous últimos séculos. Mais a festa, evidentemente, ten raíces moito máis fondas. A orixe medieval semella indiscutible, coa igrexa como referencia e límite entre dou ciclos relixiosos. Do mesmo xeito, a cristianización de festas e ritos anteriores non ofrece dúbidas e así, o salto das Saturnais romanas ás máscaradas neolíticas colócanos diante doutro ciclo cósmico e telúrico que actúa como sustrato inspirador.

¿E, a Charrúa? Nesta metamorfose e inversión que seguiu o Entroido, a máscara é só un aditamento. O espírito, os valores, os comportamentos son os que realmente mudan e dan sentido á festa. A Charrúa é, pois, unha máscara, mais sobre todo, é un xeito de vivir o Entroido.

Federico Cocho¹, no seu formidable estudio sobre o carnaval galego, clasifica as máscaras en elegantes (cigarróns, pantallas,...) e farrapeiras, entre elas a Charrúa. A Charrúa non vai de nada. Só fai falla botar mando baúl de roupa en desuso, a poder ser de cores vivas e chocantes, e unha careta sinxela ou un pano que tape a cara con gorro ou sombreiro.

Vicente Risco² descríbena como vestida de moitas cores, cun cinto de chocas e unha pelica e unha sorte de monteira. Completaríase o cadro cunha vara ou fusta na man. A presenza da pelica e da vara colocaría á Charrúa na familia das máscaras fustigadoras e por ende, emparentada cos Felos, troteiros, Cigarróns, ...

Risco³ establece dúas teorías sobre a posible orixe da tradición: un limiao festexeiro, residente en Allariz, alcumado o Charrúa que tódolos anos sorprendía ós veciños coas súas «entradas» e, por outra banda, o posible vencellamento coa tribo amerindia dos Charrúas do Uruguai. Non me foi posible atopar nesta tribo, especialmente belicosa e extinguida

1. COCHO, Federico. «O Carnaval en Galicia».

2. RISCO, Vicente. «Historia de Galicia. Etnografía: cultura espiritual».

3. RISCO, Vicente. «Notas sobre la fiesta del Carnaval en Galicia».



**A Charrúa non vai de nada.
Só fai falla botar man
do baúl de roupa
en desuso, a poder ser de
cores vivas e chocantes,
e unha careta sinxela...**

máis. Á Charrúa gústalle aparecer en solitario. Prepara co maior segredo as súas «entradas», das que non deben sospeitar nin os seus máis achegados, o que en algunha ocasión ten provocado lances embarazosos entre os que a cotío comparten colchón. Non dubida en mudar de sexo se a ocasión o demanda. Métese coa xente, especialmente cos mozos e cativos ó berro de «charrúa merda crúa». A miúdo agacha un segundo ou terceiro traxe por se acaso, xa que Charrúa identificada é **Charrúa morta**.

Comprenderase agora por que lle resulta difícil sobrevivir nuns tempos que potencian as pandas e comparsas. Desaparecido tristemente o Antonio Suárez, quedánnos, case que como reliquias, a Luisa e maila Conchita, a Milagros, a María R., e algún que outro mozo illado herdeiros deste legado.


desde principios do s. XIX, ningún elemento cultural que o xustifique. ¿E se o limiao -como apunta Cocho- fose un indiano que conviviu cos charrúas e logo se estableceu en Allariz?.

Deixemos aberta a interrogante. Ata este punto, non debera ter problemas a Charrúa para sobrevivir. Pero ir de Charrúa supón moito

**... ou un pano que tape a cara
con gorro ou sombreiro.**

Xunto coa Charrúa, nos días de Entroido en Allariz, fai a súa entrada o Meco. Moneco ce palla e farrapos, presidirá, como en tantos outros lugares de Galicia, as festas do Entroido, vestido de xeito grotesco e zafío. Agárdalle o ineludible destino de ser queimado, soterrado ou asulugado o mércores de cinsa entre o pranto da concurrencia. Noutra época do ano, figuras semellantes escorren os paxaros do millo. Moitas máis dúbidas presenta determinar a orixe da tradición e do propio termo.

Chegados a este punto, un non se resiste e establecer vencellamentos entre o Meco e o noso «meco» alaricano chamado Xan de Arzúa. Xa o profesor Enrique Bande⁴ estableceu que moitas das máscaras e elementos do Entroido proceden de celebracións relixiosas, especialmente da festa e procesión do Corpus. Esta orixe terían os Foleiros ou Abutardas de Sande (Cartelle), depurados do Corpus e retomados polo Entroido. Foleiros tiña tamén a nosa procesión de tarasca, xigantes e xudeos ós que era preciso escorrentar e fustigar. Un bo fato de coincidencias que ben lle poderían avalar unha orixe ilustre ó noso pobre e escarnecido Meco.



4. BANDE RODRÍGUEZ, Enrique. «O Entroido nun pobo de Ourense: na parroquia de Sande».